

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO DE GALICIA,
O 27 DE MARZO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de treitos antigos da estrada AC-556 nas Ferrerías (parroquia de Vilarrube) e na Veiga (A Loira), A Ramalleira e Marnela de Arriba (parroquia de Pantín) a prol do Concello de Valdoviño.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, coas federacións deportivas galegas, co fin de establecer as bases de colaboración deportiva e económica, para a realización por estas das actuacións, funcións e cometidos que, conforme a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, asumen en réxime de exclusividade, cun investimento total de tres millóns cincocentos cincuenta mil cincuenta e oito euros con dous céntimos (3.550.058,02 de euros).
- Acordo polo que se aproba o contrato de xestión da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o período 2013-2016.
- Acordo polo que se aproba o Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2013.
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da Orde pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva relativa ao Plan Renove de caldeiras industriais.
- Informe sobre a planificación de infraestruturas de transporte de enerxía eléctrica.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre o Plan de desenvolvemento das agrupacións de defensa sanitaria gandeira de Galicia (2013-2016).

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE VARIOS TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA NARÓN- CAMPO DO HOSPITAL (AC-566) A PROL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

- *Os treitos, que suman unha lonxitude total de 1,8 km, discorren polos lugares das Ferrerías, A Veiga (A Loira), A Ramalleira e Marnela de Arriba*
- *Trátase de tramos que quedaron en desuso tras as obras de ancheamento e mellora efectuadas na estrada*
- *A Xunta de Galicia acometeu o acondicionamento destes treitos entre os anos 2011 e 2012 antes de proceder ao seu traspaso ao concello*
- *A entrega da vía formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia e a partir deste momento corresponderanlle ao municipio as tarefas de xestión da estrada*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de treitos antigos da estrada Narón- Campo do Hospital (AC-566) nas Ferrerías e na Loira, A Ramalleira e Marnela de Arriba, a prol do Concello de Valdoviño.

Os treitos obxecto de traspaso están localizados nos seguintes lugares:

- A Ramalleira, na parroquia de Pantín: treito de 386 metros de lonxitude situado entre o punto quilométrico 17 + 060 e 17 + 250 da actual AC-566.
- Marnela de Arriba (parroquia de Pantín), comprendido entre os pq15 + 700 e 15 + 870 da estrada actual, conta cunha lonxitude de 479 metros.
- A Veiga (A Loira), de 332 metros e situado entre os puntos quilométricos 20 + 290 e 20 + 510 da AC-566, tamén na parroquia de Pantín.
- As Ferrerías, na parroquia de Vilarrube, entre o punto quilométrico 21 + 810 e 22 + 010 da actual AC-566. Ten unha lonxitude de 642 metros.


O Concello de Valdoviño, con data 3 de xaneiro de 2009, solicitou o cambio de titularidade de varios treitos da antiga estrada C-566 (hoxe AC-566) que transcorren polo termo municipal, que tras a execución das obras de ancheamento e mellora rematadas en 1995 quedaran fóra do trazado da actual estrada. Tras acometer o acondicionamento dos treitos en variante situados nos lugares da Veiga, A Ramalleira e Marnela de Arriba, a Axencia Galega de Infraestruturas emitiu o 16 de xuño de 2011 informe favorable ao cambio de titularidade destes treitos e mais do resto da estrada ao seu paso polas Ferrerías, que foi acondicionado en 2012.

O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas do 14 de setembro de 1994 que establece que os cambios de titularidade das estradas se aprobarán por Decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas e que as

estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas nos cales a circulación adquira características urbanas se entregarán aos concellos respectivos.

En aplicación do artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, as entidades locais no marco das súas competencias, e de acordo cos correspondentes plans de estradas, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade. De acordo co exposto, o Concello de Valdoviño deberá incorporar ao seu Plan de estradas a vía a que se refire este decreto.

A entrega da vía formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega. Corresponderanlle ao Concello de Valdoviño, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.



A XUNTA DE GALICIA DESTINARÁ MÁIS DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS ÁS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS PARA O IMPULSO DO DEPORTE

- ***O Consello da Xunta autorizou os convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e 59 federacións co obxectivo de promover a práctica das distintas modalidades deportivas***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e 59 federacións deportivas galegas, por un importe que suma 3.550.058,02 euros, co fin de promover a práctica do deporte ao longo de 2013.

Os ditos convenios teñen como obxectivo establecer as bases de colaboración deportiva e económica e garantir, deste xeito, que a práctica das distintas modalidades deportivas que se desenvolven en cada unha das federacións recoñecidas na Comunidade Autónoma se realice de maneira axeitada.

A Xunta de Galicia considera que as federacións deportivas están a realizar cun labor fundamental no eido da organización e xestión das competicións de carácter oficial, ao tempo que permiten o acceso dos cidadáns á práctica do deporte federado en contraposición coa actividade física de carácter lúdico e non competitiva. Ademais, estas federacións resultan indispensables para o apoio ao deporte en idade escolar ao deporte feminino.

Coma cada ano de forma recorrente, a Secretaría Xeral para o Deporte formalizará nas vindeiras datas os convenios con cada unha das federacións co fin de asegurar o mantemento da súa actividade ordinaria que se concreta no desenvolvemento de competicións deportivas, participación das seleccións autonómicas, fomento do deporte feminino, discapacidade e deporte base, entre outros. Así mesmo, tamén se asegura a actividade de tecnificación que abrangue concentracións, competicións, xornadas de formación técnica e programas de adestramento especializados para o perfeccionamento técnico-táctico.

A AMTEGA XESTIONARÁ 169 PROXECTOS TECNOLÓXICOS PACTADOS CON TODAS AS CONSELLERÍAS CUN ORZAMENTO DE 353 MILLÓNS DE EUROS ATA 2016

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o contrato de xestión plurianual 2013-2016 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia*
- *Establece sete obxectivos estratéxicos que aglutinan un total de 169 iniciativas TIC orientadas a acadar uns servizos públicos dixitais avanzados, a mellorar a competitividade dos sectores produtivos e a conseguir unha sociedade capacitada dixitalmente*
- *Apóstase por un novo modelo de xestión pública baseado na transparencia, no establecemento de plans vinculados a obxectivos e no compromiso do equipo directivo na consecución de resultados*

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia xestionará un orzamento de 353 millóns de euros no período 2013-2016 no desenvolvemento das iniciativas TIC da Administración autonómica orientadas a conseguir uns servizos públicos dixitais avanzados, unha Administración máis eficiente, a mellorar a competitividade dos sectores produtivos e a dotar a sociedade galega dos medios para a súa capacitación dixital.

Así se recolle no contrato de xestión plurianual da Amtega, aprobado hoxe no Consello da Xunta, que establece sete obxectivos estratéxicos que aglutinan un total de 169 proxectos tecnolóxicos, pactados con todas as consellerías.

Coa aprobación deste documento, a Xunta aposta por un novo modelo de xestión das TIC no eido público baseado na transparencia, no establecemento de plans con indicadores asociados e obxectivos co compromiso do equipo directivo no seu cumprimento e a avaliación anual de resultados.

Modernización da Administración, dos servizos sociais e da Xustiza

Os dous primeiros obxectivos estratéxicos teñen como denominador común a mellora dos servizos que presta a Administración. O primeiro orientado a cidadáns e empresas incrementando os servizos públicos dixitais avanzados, a través do Plan de modernización da Administración pública. Continuarase a incorporar as TIC na Xustiza a través do Plan Senda.

Este ano porase en marcha o Plan de modernización tecnolóxica dos servizos sociais co obxectivo de mellorar as prestacións, simplificar procedementos, reducir os prazos de tramitación e compartir información e recursos entre todas as administracións a través do expediente social único.

Unha Administración máis eficiente

O segundo obxectivo estratéxico busca conseguir unha Administración máis eficiente mediante un uso axeitado das TIC. Para acadalo, entre outras medidas, está a consolidación do Centro de Proceso de Datos Integral, que prestará servizo a todo o sector público galego, cidadáns e empresas, aforrando 3 millóns de euros anuais, unha vez consolidado. A centralización de compras de produtos e servizos TIC e a homoxeneización das plataformas tecnolóxicas son outros eixos desta liña de acción.

Desenvolvemento da Sociedade da Información e sector TIC

Co obxectivo de dotar a sociedade de competencias e recursos dixitais continuaranse con programas como Abalar no eido educativo ou as actividades de alfabetización dixital da Rede CeMIT con preto de 100 aulas en toda Galicia para o acceso de balde ás novas tecnoloxías. Este obxectivo abrangue tamén o Programa de voluntariado dixital, con máis de 200 voluntarios que achegan as TIC a maiores e persoas con discapacidade, o impulso do software libre na Xunta e un programa de competencias dixitais para os empregados públicos.

O cuarto obxectivo busca impulsar o hipersector TIC como elemento chave no crecemento da economía galega con dous programas, un de apoio á innovación TIC e ao fomento do emprego e outro consistente nun sistema público de compra de tecnoloxía innovadora

Impulso dos sectores produtivos a través das TIC

O quinto obxectivo busca impulsar o uso dos servizos TIC por parte das empresas galegas, por unha banda, a través do Centro Demostrador TIC e, por outra, a través da posta en marcha dun plan de demanda anticipada tecnolóxico-industrial para os sectores estratéxicos de Galicia.

Entre as actuacións dirixidas aos principais sectores produtivos e os sectores primarios está a potenciación da xestión telemática no sector agrogandeiro, a modernización do transporte público en Galicia a través dun plan específico para a mellora na calidade dos servizos e da xestión, así como o desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica do Turismo de Galicia.

Infraestruturas de telecomunicación

O sexto obxectivo estratéxico é implantar unha rede de infraestruturas de telecomunicacións moderna e sustentable, unha actuación que se está a desenvolver a través do Plan de banda larga de Galicia 2010-2013 e que se completará con outras actuacións como a construción dun servizo integral de comunicación de emerxencias para Galicia e un programa de impulso para a creación do fogar dixital.

O último obxectivo é a consolidación dun modelo de xestión áxil e eficiente das políticas tecnolóxicas, a través da Amtega. A Axencia integrou xa os recursos humanos e

materiais das áreas TIC de seis consellerías e o obxectivo desta lexislatura é a incorporación dos departamentos de Sanidade e a área tributaria.

A XUNTA APROBA O PLAN ANUAL 2013 DA COOPERACIÓN GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 4 MILLÓNS DE EUROS

- *O plan foi aprobado polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento o pasado mes de febreiro*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan anual 2013 da cooperación galega para o desenvolvemento, que conta cun orzamento de máis de 4 millóns de euros e que xa fora aprobado por maioría absoluta no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, o pasado mes de febreiro.

O Plan anual 2013 da cooperación galega enmarcase no II Plan director da cooperación galega 2010-2013, e recolle as actuacións que se teñen previsto levar a cabo en materia de cooperación cos recursos destinados para ese ámbito nos orzamentos da xunta para 2013. Ten como obxectivo mellorar a eficacia da axuda a través da súa concentración xeográfica e sectorial, dunha maior coordinación dos actores e complementariedade das súas actuacións, dunha orientación estratéxica das actuacións de cooperación que poña en valor as singularidades da nosa Comunidade Autónoma e dunha aposta por un maior impacto das intervencións.

De acordo coas orientacións do dito II Plan director 2010-2013, a cooperación galega orientarase no ano 2013 a mellorar a eficacia da axuda a través da súa concentración xeográfica, dunha maior coordinación dos actores e complementariedade das súas actuacións, dunha orientación estratéxica das actuacións de cooperación que poña en valor as singularidades da nosa comunidade e dun afondamento na avaliación das actuacións.

O Plan anual 2013 establece os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios do Goberno galego para o ano 2013, para garantir deste xeito a súa contribución ao cumprimento dos obxectivos previstos no II Plan director, e a dotación financeira total do Plan 2013 é de 4.312.370 euros.

Grazas ao orzamento previsto cumpriranse todos aqueles compromisos adquiridos no exercicio anterior, manténdose o financiamento de 42 proxectos iniciados no ano 2012, e realizaranse novas actuacións co fin de avanzar no cumprimento dos obxectivos contemplados no II Plan director da cooperación galega no seu último ano de vixencia.

As actuacións previstas no Plan anual 2013 da cooperación galega poden dividirse en dous puntos, a cobertura dos compromisos adquiridos no ano 2012 con aquelas ONGD e outros axentes de cooperación aos que se lles aprobaron proxectos nas diferentes convocatorias e convenios dese ano, o que significa que un total de 42 proxectos de cooperación iniciados no 2012 terán asegurado o financiamento para a súa continuación

e remate no ano 2013, e 11 bolsas de formación poderán manterse igualmente ata o seu remate a mediados do devandito ano.

O Plan recolle novas actuacións, como a convocatoria pública de axudas para proxectos de educación para o desenvolvemento, que será plurianual; sinatura dun convenio coa Coordinadora Galega de ONGD para actividades de formación e sensibilización e manterase unha liña financeira para axuda humanitaria ou de emerxencia que garanta que no ano 2013 a Xunta poida responder cando se produza un chamamento internacional por mor dunha catástrofe ou crise humanitaria.

Seguirase realizando cooperación técnica en materia de pesca e acuicultura, como se vén realizando en colaboración coa Fundación CETMAR, apostando por unha orientación estratéxica da cooperación galega, e que se destinarán ao Programa de formación en pesca artesanal e acuicultura (PROFOPAC) de Centroamérica, ademais asegúrase a continuidade do proxecto "*Partenariado de apoio técnico á consolidación da Administración rexional de augas do norte de Mozambique (ARA-Norte)*", aprobado pola Comisión Europea no ano 2011, en colaboración con Augas de Galicia.

II Plan director cooperación galega 2010-2013

O II Plan director da cooperación galega 2010-2013, actualmente vixente, foi aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia o 16 de xuño de 2010, tras recibir o visto e prace dos tres órganos de coordinación da cooperación galega e a aprobación do Consello da Xunta.

Este instrumento que contén a programación da política da Xunta de Galicia en materia de cooperación para o desenvolvemento para o período abranguido entre os anos 2010 e 2013, aposta claramente polos principios de calidade e eficacia da axuda, establecidos nas distintas declaracións internacionais subscritas pola meirande parte dos estados. Para cada ano, é preciso elaborar o correspondente plan anual que debe ser sometido á aprobación do Consello Galego de Cooperación logo de envialo ao Consello da Xunta para a súa aprobación definitiva.

A XUNTA COMPROMETE MÁIS DE 1,8 MILLÓNS DE EUROS PARA AXUDAS ECONÓMICAS A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO BIENIO 2013-2014

- ***Buscan garantir a independencia económica das vítimas respecto do seu agresor, para favorecer a súa saída do ciclo da violencia***

O Consello da Xunta deu luz verde á adquisición do compromiso de gasto plurianual para a convocatoria de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero no bienio 2013-2014; así como á súa convocatoria para este mesmo ano.

En total, o Goberno galego destinará máis de 1,8 millóns de euros para garantir ás mulleres vítimas deste tipo de violencia unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do seu agresor, que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

A contía das axudas, que poden percibirse por un período máximo de doce mensualidades, pode oscilar entre os 300 e os 800 euros ao mes, en función dos ingresos da beneficiaria, dos seus fillos ou fillas menores a cargo ou de circunstancias de discapacidade, entre outros factores avaliáveis.

Mantendo un ano máis estas partidas, especialmente agora, nun contexto de axustes económicos, a Xunta de Galicia pon de relevo novamente o seu compromiso coas vítimas da violencia de xénero, ás que lle ofrece os recursos necesarios para favorecer a súa saída do ciclo da violencia.

Unha vez autorizado este compromiso económico, procederase inmediatamente á publicación no DOG da resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se convocan estas axudas periódicas para o exercicio 2013.

Os requisitos para optar a estas axudas son ser muller maior de idade ou emancipada vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia; ter cesado esta convivencia co agresor dentro dos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude; percibir uns ingresos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente; estar empadroada e residir en Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia.

Ademais, tamén se exige non ter percibido con anterioridade esta axuda ou a axuda de pagamento único establecida na Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, para mulleres que, debido á súa idade, falta de preparación ou circunstancias sociais, teñan dificultades para obter un emprego e pola dita circunstancia non participen nos programas de emprego establecidos para a súa inserción profesional.

Mulleres de 26 a 45 anos, perfil maioritario das beneficiarias

O pasado ano, 362 mulleres vítimas de violencia residentes en Galicia e os seus 358 fillos e fillas menores percibiron esta modalidade de axudas. Delas, un 79,6% eran de nacionalidade española e o restante 20,4% inmigrantes, maioritariamente de orixe brasileira, seguida de portuguesas e peruanas. Por provincias, A Coruña encabeza a listaxe con 145 perceptoras de axudas, seguida de Pontevedra con 125, Lugo con 47 e Ourense con 45.

O perfil de idade maioritario é o de mulleres no rango de 26 a 45 anos, que representa o 62% do total. Hai 197 beneficiarias que son nais, na maioría dos casos dun ou dous menores, e tamén hai entre as beneficiarias 27 mulleres que son nais de tres ou catro menores.

Mulleres con discapacidade, vítimas de violencia de xénero

Das beneficiarias de axudas periódicas en 2012, un total de 32 eran mulleres con discapacidade e outras 4 eran nais de fillos ou fillas con algunha discapacidade.

A XUNTA IMPULSA A EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS EMPRESAS CUN RENOVE DE CALDEIRAS INDUSTRIAIS QUE MOBILIZARÁ 2,5 MILLÓNS

- *O novo programa de axudas xerará un aforro enerxético de 510 tep/ano, evitando a emisión a atmosfera de preto de 8.500 toneladas de CO2 por exercicio*
- *A actuación contribuirá ao aforro das empresas impulsando a competitividade do tecido empresarial*
- *Incentívanse os proxectos desenvolvidos por pequenas e medianas empresas, que verán incrementada a contía da axuda chegando ata o 40%*

A Xunta de Galicia, dentro do seu obxectivo de fomentar o aforro e a eficiencia enerxética entre os sectores produtivos galegos, pon en marcha este ano un novo Plan Renove de caldeiras industriais que permitirá substituír estes equipos por outros máis eficientes. O programa, que conta cun orzamento de 800.000 euros, aspira a desenvolver proxectos que mobilizarán 2,5 millóns para implantar nas empresas galegas caldeiras de alta eficiencia que empregan gas natural en lugar de gasóleo e fuelóleo.

Deste xeito, a actuación, da que se informou hoxe no Consello da Xunta, contribúe de maneira directa no aforro enerxético e económico que acadarán as empresas beneficiarias, permitíndolles mellorar a súa competitividade grazas á redución de custos dos combustibles. Co obxectivo de fomentar esta aposta entre o empresariado galego, priorízase a intensidade da axudas para as pemes galegas.

Neste sentido, a contía máxima da axuda será, de modo xeral, do 20% do investimento, cun límite máximo de 100.000 euros. Esta cifra incrementárase nun 20% para as pequenas empresas e nun 10% para as medianas. Para acceder ás axudas, o proxecto debe supor un aforro enerxético dun 5% respecto do consumo inicial, resultando beneficiarios tanto as empresas privadas como os empresarios autónomos incluídos no sector industrial.

A convocatoria, que se publica hoxe no *Diario Oficial de Galicia*, establécese nun réxime de concorrencia non competitiva, perseguíndose deste xeito axilizar o procedemento, posto que permite que o prazo de presentación de solicitudes estea aberta durante máis tempo. Así, o dito prazo permanecerá aberto desde hoxe e ata a conclusión dos fondos.

A través da convocatoria desta liña, a Consellería de Economía e Industria reforza as actuacións que xa estaba impulsando no eido enerxético empresarial. Non en van, as actuacións promovidas polo Inega no sector industrial permiten nestes momentos xerar un aforro económico de case 5 millóns por exercicio.

Entre as principais medidas desenvolvidas nos últimos catro anos cabe destacar a realización de preto de 150 auditorías enerxéticas para coñecer a estrutura de consumos

e as posibilidades de aforro enerxético ou a execución de 170 proxectos de aforro e eficiencia enerxética.

A XUNTA PROPÓN INVESTIMENTOS POR 500 MILLÓNS NA REDE DE TRANSPORTE ELÉCTRICO PARA IMPULSAR O CRECEMENTO ECONÓMICO

- *As propostas ao Ministerio de Industria para a planificación no período 2014-2020 recollen a ampliación da capacidade da rede naqueles puntos onde se prevé un maior incremento da demanda*
- *Tamén permitirán o desenvolvemento de novos proxectos de renovables, garantindo a correcta evacuación da enerxía xerada*
- *Incrementábase a interconexión con outras comunidades e con Portugal, e dáse subministración ao tren de alta velocidade*

A Consellería de Economía e Industria vén de presentar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e a Red Eléctrica de España as súas propostas para o desenvolvemento da planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica para o período 2014-2020, que inclúen actuacións que supoñen investimentos na comunidade por un total de 500 millóns de euros.

A solicitude de novas infraestruturas e o reforzo das xa existentes formulada ao Ministerio céntrase en garantir a atención ao incremento da demanda, na integración de enerxías renovables no sistema e no aproveitamento dos recursos autóctonos, así como na redución do impacto ambiental asociado ao consumo e xeración de enerxía.

Así, os proxectos propostos permitirán aumentar a capacidade de transporte naqueles puntos onde se prevé un maior incremento da demanda nos vindeiros anos, con especial atención ás principais cidades galegas. Ao mesmo tempo posibilitarán o desenvolvemento de novos proxectos de xeración eléctrica asociados ás renovables, garantindo a correcta evacuación da enerxía xerada.

Do mesmo xeito, entre as propostas da Xunta inclúense actuacións encamiñadas a incrementar a interconexión tanto con outras comunidades autónomas como con Portugal, optimizando o funcionamento do sistema eléctrico. Tamén se lle dará servizo tanto ao tren de alta velocidade como ao tren eléctrico.

Entre as principais actuacións que se propón incluír na planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica, o que permitiría o seu financiamento polo Sistema eléctrico español, inclúense a ampliación das subestacións de Ludrio (Lugo) e Boimente (Viveiro), así como unha nova subestación en Regoelle (Dumbría), conectada coas liñas Vimianzo-Mazaricos e Dumbría- Mesón, que permitirán reforzar a rede de transporte.

Inclúense tamén diferentes medidas que teñen por obxectivo mellorar a rede de distribución na área de Vigo, coa posta en marcha dunha nova estación, Novo Vigo, e novas liñas eléctricas entre Atios-Montouto, Novo Vigo-Atios e Novo Vigo e Pazos de

Borbén. En relación coa evacuación de xeración de enerxías renovables, propónse a ampliación das subestacións de Chantada, Santiago, Mesón, Tibo e Amoeiro.

O conxunto das medidas propostas pola Xunta contribuirá á dinamización da economía e do emprego, ademais de reducir as emisións contaminantes asociadas á xeración de electricidade e á dependencia enerxética do exterior. Do mesmo xeito, coas infraestruturas propostas vanse mellorar os índices de calidade eléctrica asociados á rede de transporte, e polo tanto tamén se prevé unha mellora da calidade para o consumidor final.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo elaborará coas solicitudes presentadas por Galicia e o resto de comunidades autónomas un borrador de planificación que será sometido a exposición pública, ao tempo que se elabora o Informe de Sustentabilidade ambiental da planificación prevista. O documento final será levado ao Consello de Ministros para a súa aprobación definitiva.

A XUNTA TRABALLA NA FUSIÓN DAS AGRUPACIÓNS DE DEFENSA SANITARIA GANDEIRA CO FIN DE CREAR ESTRUTURAS FORTES E BEN DIMENSIONADAS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural e do Mar co que se pretende iniciar un plan de reestruturación das actuais ADSG, para que así poidan executar os programas sanitarios oficiais cunha maior eficiencia e aglutinando á totalidade das explotacións existentes*

O Consello da Xunta desta semana aprobou o informe da Consellería do Medio Rural e do Mar sobre o Plan de desenvolvemento das Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) para o período 2013-2016, co fin de fusionar ditas entidades para facelas máis fortes e ben dimensionadas, de tal xeito que poidan executar os programas sanitarios oficiais cunha maior eficiencia.

O Plan de desenvolvemento das ADSG pretende fortalecer a súa estrutura, acadando unha redución significativa no número de agrupacións e un incremento substancial da súa dimensión, de tal xeito que agrupen a máis do 90% do censo gandeiro galego e ao maior número posible de explotacións nas súas distintas especies produtivas. O obxectivo é fortalecer ditas entidades e permitir que os propios gandeiros que as forman participen directamente na execución dos programas sanitarios oficiais, mellorando a súa eficiencia.

A execución do Plan esixe a publicación anual dunha orde de axudas ás ADSG cun importe máximo de 2.000.000 de euros por convocatoria. O financiamento contará coa garantía de achega de fondos propios libres da propia Consellería do Medio Rural e do Mar. As posibles incorporacións finalistas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente reducirán -no seu caso- a achega da Xunta polo mesmo importe, mantendo en todo caso a dotación anual establecida.

ADSG

As Agrupacións de defensa sanitaria gandeira son asociacións de gandeiros constituídas para a elevación do nivel sanitario e produtivo e a mellora das condicións zootécnicas das súas explotacións, mediante o establecemento e execución de programas de profilaxe, loita contra as enfermidades dos animais e mellora das súas condicións hixiénicas e produtivas.

